



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA VINTE E UN DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.

PRESIDENTE

D. Pablo Diego Moreda Gil

CONCELLEIROS

Don Nicolás Vergara Quintiana
Dona M^a José Rodríguez Pérez
Dona Manuela López Rodríguez
Don José Camilo Casal García
Don Robustiano Labraña Barrero
Don Luis Rubido Ramonde
Don Alfredo Vilela Santalla
Don Pablo Luis Nebril López
Dona Esther Couto Lamigueiro
Dona M^a Luisa Pérez Prieto

AUSENTES:

Excusan a súa asistencia Don Manuel
Pérez Riola e Don Esteban Blanco
Garrote

SECRETARIA:

Dona Ana Velo Ruiz

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás vinte horas do día vinte e un de xullo de dous mil dezaseis, réunese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar unha sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.


O Sr. Alcalde disculpa a ausencia do concelleiro D. Manuel Pérez Riola debido ao falecemento dun familiar.

A continuación se pasa ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DAS ACTAS DE 28.04.16 E 30.05.16

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas o 28.04.16 e 30.05.16.

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Nosoutros imos votar non por unha razón. Imos a ver, si vamos á do 28.04.2016... Meus respetos, por suposto, á Secretaría e Intervención, que actúan impecablemente, pero na providencia de Alcaldía é atípico total facer manifestacións casi de carácter político dicindo, na páxina 11, a aprobación do gasto extraxudicial que se debe todo ao anterior mandato, afirmacións que non son correctas. Son falsas. Isto é unha proposta, é un acto puramente administrativo con toda a frialdade. De modo que a frialdade recollíaa o informe de Intervención. Non existe a figura de (contablemente, digo eu) de anterior mandato e mandato actual. O exercicio empeza o día 1 e e acaba o 31. Despois, vai un observando as distintas partidas e atópase que a maioría son de deportes. Pero é atípico total, facer nunha proposta de carácter administrativo este tipo de declaración, que aínda encima, non é certo. Por eso, un acta apróbase cando se recolle exactamente o que se tratou... E deberíamos de aprobala, pero aquí hai unha proposta de Alcaldía que non asumimos. A forma de redactar.

O Sr. Alcalde di: Bueno, a forma de redactar, ustedes poden estar de acordo ou non. Pero eu creo que non é de carácter político dicir, cando unha corporación entra; cando, sobre todo, se fala politicamente do diñeiro; cando a outra corporación che dice que deixa e ao final non está ou está pendiente de pagar. Iso tamén hai que aclaralo. Iso tamén a xente ten que sabelo. Ten que saber cando unha persoa me di que teño "x" e realmente se o teño ou non o teño. Esas son as aclaracións. Non falo desa proposta, pero bueno, deso falaremos hoxe máis.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu creo que estás desviando. Aquí hai unha relación de facturas con data, eu non reprocho nada, pero non é correcto na proposta facer este tipo de declaración. Ademais é un xuízo de valor que non é certo, e que o período contable é do 1 de xaneiro ó 31 de decembro. E encima, que corresponden a maioría ó anterior mandato. Aínda encima non é noso. Pode comprobalo.

O Sr. Alcalde di: Eu creo que deso poderemos seguir falando. Ahi uns puntos na orde do día de hoxe que falaremos.

O Sr. Labraña Barrero di: É que non di a maioría, di as de maior importe.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, non, coidado, creo que non está reproducida totalmente. hai un primeiro párrafo que si ...

A Sra. Rodríguez Pérez di: De todas formas eu creo que non ten moito obxecto. Quero dicir, si estás falando, non teño a acta diante, pero si estás falando da proposta, a proposta de Alcaldía que non che parece correcto como está redactada. Pero iso cando o tiñades que dicir era no Pleno correspondente.

O Sr. Rubido Ramonde di: Sí, é certo. Non me fixeí. Pero cando comprobo que as partidas non son do anterior mandato...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero non é correcto que nunha acta que se recolle exactamente o que se dixo, e o que dicían as propostas, iso non se debe cambiar agora nunha acta. Eso habíao que cambiar, si considerabades que o tiñamos que corrixir ou o que fora, no momento do anterior Pleno, non agora.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Fixen unha introducción previa. Dixen que a labor da Secretaria e do Interventor foi correcta, pero a proposta de Alcaldía que figura aquí...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Sí, pero a proposta xa foi nese pleno. Esa era a proposta.

O Sr. Alcalde di: Que quede recollido na acta e procedemos a votar.

A Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, resultando aprobadas por seis votos a favor, do PSdG-PSOE (dous), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e cinco votos en contra do PP.

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2015

Pola Secretaría dáse lectura á Proposición da Alcaldía de data 11.07.2015, que literalmente di:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO 2015

A Conta Xeral do 2015 foi formada pola Intervención do Concello, foi informada pola Comisión Especial de Contas o 30 de maio de 2016.

O preceptivo anuncio publicouse no BOP 107 do 07 de xuño de 2016, e estivo a documentación exposta ao público durante o prazo sinalado sen que se presentaran alegacións ou reclamacións fronte a ela, acreditado mediante certificado da Secretaría municipal.

Por todo elo, proponse o seguinte:

Primeiro.- Aprobado a Conta Xeral do Concello correspondente ao exercicio 2015.

Segundo.- Rendir a Conta Xeral ao Consello de Contas e/ou Tribunal de Contas, conforme a normativa vixente."

Aberto o turno de interverncións non se produce ningunha.


O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda: APROBAR a Proposición da Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

3.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2016-2017

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do 19.07.2016, do seguinte teor literal:

"Vista a Proposta da Alcaldía de data 13.07.2016, que di:

"No expediente da liquidación do orzamento de 2015, aprobado mediante resolución da Alcaldía 222/2016, do 16 de xuño de 2016, detectouse un incumprimento nos parámetros da regra de gasto e estabilidade orzamentaria.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Nos informes da Intervención respecto do 13 de maio da estabilidade orzamentaria e do expediente da liquidación, informouse unha necesidade de financiamento de -198.629,81 € e en canto á regra de gasto, o incumprimento na regra de gasto de 437.106,79 € respecto do gasto computable do ano anterior e como consecuencia do anterior a necesidade de contar con un plan economico-financeiro.

O motivo do incumprimento foi a incorporación ao orzamento de 2015 dos remanentes de tesourería afectado e de gastos xerais derivado da liquidación do exercicio 2014. Durante o exercicio 2015 incorporáronse mediante sucesivos expedientes de modificación orzamentaria 1.066.966,93 € que son a principal circunstancia dos incumprimentos anteriores.

Segundo a normativa vixente e a interpretación da Secretaria General de Coordinación Autonómica e Local o incumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria pola incorporación do remanente de tesourería afectado poderase limitar a expoñer o orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida. O mesmo principio se entende que resulta aplicable respecto do remanente non afectado, sendo a diferenza a obriga ou non de incorporar o devandito remanente, pero en ambos casos, un ingreso financeiro derivado do aforro acumulado ven a cubrir gastos non financeiros e por tanto é esa a fonte do desequilibrio.

Non se prevén medidas adicionais de aumentos dos ingresos municipais ou de axuste dos gastos orzamentarios, tendo en conta que non se consideran precisas outra serie de medidas que a contención no emprego do remanente de tesourería para gastos xerais no límite de 400.000,00 € no 2016 e 390.000,00 no 2017 para gasto non financeiro.

Para cumprir o límite da regra de gastos, da cantidade que se incorpora do remanente de tesourería para gastos xerais no exercicio 2016, 93.765,52 € quedan en situación de non disponibilidad en tanto non se verifique o cumprimento da regra de gasto e estabilidade presupostaria na execución trimestral.

Emitiuse informe pola Intervención municipal o 13 de xullo de 2016, con carácter desfavorable polo incumprimento dos prazos para a presentación e tramitación do Plan Económico-Financeiro, pero favorable no referente ao contido material.


Pola acumulación de expedientes non se puido presentar o Plan Económico-Financeiro no prazo requerido do mes dende a aprobación da liquidación, pero cóntase con que apurando os prazos estea en vigor antes dos tres meses dende a aprobación da liquidación, isto é o 16 de agosto de 2016 cumprindo así o disposto no artigo 23 da Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Por todo iso, de conformidade co previsto na normativa vixente,

PROPOÑO AL PLENO:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo da Intervención municipal do 13 de xullo de 2016

Segundo.- Aprobar inicialmente o Plan Económico-Financeiro 2016-2017 do Concello de Cedeira, que se achega como anexo. O Plan estará en vigor durante o prazo sinalado ou ata que se acade o obxectivo do cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria, segundo os datos derivados da liquidacións orzamentarias dos exercicios respectivos.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Terceiro.-Establecer no Plan Económico-Financeiro 2016-2017 a limitación para a incorporación do remanente de tesourería para gastos xerais en 400.000,00 € no 2016 e 390.000,00 € no 2017, sen que se consideren precisas medidas adicionais en materia de ingresos e gastos, dos cales 93.765,52 € quedarán en situación de non disponibilidad no exercicio 2016 en tanto non se verifique o cumprimento da estabilidade orzamentaria.


Cuarto.-O Plan Económico-Financeiro, xunto co seu correspondente acordo, quedará exposto ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días, contados a partir do seguinte aquel en que apareza publicado o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

En caso de non se presentar reclamacións ao termo do período de exposición, o acordo considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade dun novo acordo plenario, de conformidade co disposto no art.169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

A Comisión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un) e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: Un pouco referente ao anterior digamos que nos vemos obrigados a facer este expediente, este plan un pouquiño...que sí que neste caso tamén o teño que dicir, igual este plan non é ó cen por cento pola anterior corporación, pero sí que houbo un incumprimento do gasto por meter remanente do ano 2014 da anterior corporación. E iso é un dato indudable. Igual máis de un millón sesenta e seis mil euros que se gastou de gastos financeiros son para pagar as contratacións que no seu momento levaron reparos de que foron por riba do que recomendou o Interventor no seu expediente, iso é indudable. É dicir, si o Interventor este ano nos di que temos que gastar, como moito catrocentos mil euros, dos cales falaremos máis tarde porque incluso hai unha parte que están comprometidos. Si nosoutros incumplimos ese gasto volveremos probablemente o ano que ven a estar no mesmo. Entonces eu creo que ás veces cando falamos de remanente e cando falamos de gastar creo que todos deberíamos ser un pouquiño conscientes de que estas actuacións que facemos... sobre todo, eu non sei si foi debido ou foi coincidencia, pero cerca do período electoral que foi o ano pasado. Co cal o que supón é que para o Concello de Cedeira imos ter dous anos que imos ter que usar pouco remanente para cousas que igual sí que nos son necesarias. Eu esto quería deixalo claro. E sí que neste caso, Sr. Rubido, eu teño que dicir que foron de moitas cousas contratadas na anterior corporación. Vostede di que fai un balance a final do ano. Está claro que hai que facer un balance ao final do ano, pero moitas desas contratacións foron con informe de reparo por certas obras que se fixeron en momentos determinados. Solo quería dicir eso.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por seis votos a favor do PSdG-PSOE (dous), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e cinco abstencións do PP, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

4.- MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA MC 06 2016 CE 01 2016 SC 01 2016

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do 19.07.2016, do seguinte teor literal:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 13.07.2016, que dí:

“No expediente da liquidación do orzamento de 2015, aprobado mediante resolución da Alcaldía 222/2016, do 16 de xuño de 2016 resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 1.143.527,39 €

No expediente da liquidación detectouse un incumprimento nos parámetros da regra de gasto e estabilidade orzamentaria. Cuantificado en unha necesidade de financiamento de -198.629,81 € e en canto á regra de gasto, o incumprimento na regra de gasto foi de 437.106,79 €


Consecuencia do anterior, o Concello conta con un Plan Económico-Financeiro que se vai presentar ao Pleno polo incumprimento da estabilidade orzamentaria e a regra de gasto. No devandito Plan, limítase a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais no límite de 400.000,00 € no 2016 e 390.000,00 no 2017 para gasto non financeiro. Adicionalmente no 2016 do importe previsto 399.827,46 €, quedan 93.765,52 € quedan en situación de non disponibilidad en tanto non se verifique o cumprimento da regra de gasto e estabilidade presupostaria na execución trimestral.

Para cumprir o límite da regra de gastos, da cantidade que se incorpora do remanente de tesourería para gastos xerais no exercicio 2016, 93.765,52 € quedan en situación de non disponibilidad en tanto non se verifique o cumprimento da regra de gasto e estabilidade presupostaria na execución trimestral. A listaxe das cantidades non dispoñibles figuran na listaxe anexa.

Dentro da modificación proposta, unha parte é para o financiamento de facturas aprobadas no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2016, que quedaron condicionadas no pleno do 28 de abril de 2016.

Os restantes gastos son para cubrir gastos algúns deles comprometidos, como é a achega municipal para o expediente de auga a San Andrés, e a liquidación da obra contratada de Candales e Veciñeira, entre outros:

Concepto	Importe	Partida
Facturas pendentes REX 1/2016	53.587,27 €	Segundo desglose
Obras varias de pavimentación camiños e rúas	58.765,52 €	1532.619.00
Plancha compactadora	1.996,50 €	450.623.00
Limpeza e canales Auditorio	6.000,00 €	920.212.00
Antena Trasmonte	8.178,28 €	492.623.00
Sopladora	400,00 €	450.623.00
Achega Concello Auga San Andres	24.244,20 €	161.629.00
Ascensor Escola Infantil	2.668,73 €	3231.213.02
Desbrozadora	999,00 €	450.623.00



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Achega Concello Area Recreativa	11.148,65 €	341.609.00
Achega Biblioteca Municipal	37.130,83 €	3321.622.00
Normalizador ligüístico	5.000,00 €	920.143.00
Honorarios técnicos proxectos e direccións de obra	40.000,00 €	450.227.06
Festas e actividades culturais	35.000,00 €	334.227.10
Mellora alumado	20.000,00	165.619.00
Liquidacion Candales e Veciñeira	39.708,48 €	453.619.00
Horas servizo SAF	15.000,00 €	231.227.99
Mellora e acondicionamento edificio da Sindical	40.000,00 €	920.632.00
Subtotal	399.827,46 €	
Gastos financeiros	57.640,18 €	011.911.00
Total	457.467,64 €	

Se incorpora do mesmo xeito unha cantidade que se estima suficiente para liquidar o préstamo do Viveiro de Empresas co Ministerio de Turismo Industria e Comercio por un importe de 57.640,18 €


Financiáse o presente expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Presuposto de 2015, por importe de 457.467,64 € dos cales 93.765,52 € quedan en situación de non disponibilidad en tanto non se verifique o cumprimento da regra de gasto e estabilidade presupostaria na execución trimestral.

Pola Intervención municipal emitíuse informe favorable para a aprobación do presente expediente.

Sobre a base de todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto no artigo 8º das Bases de Execución do Presuposto, de informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o Expediente de Modificación Presupostaria- Crédito xtraordinario MC 06 2016 CE 01 2016 SC 01 2016 para o financiamento de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro de 2015, gastos urxentes e amortización anticipada da débeda, segundo o seguinte desglose:

Progr	Eco.	Denominación	Crédito total	Non dispoñibles	Modificación orzamentaria
132	22799	Seguridad y orden público. Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	133,10 €		Suplemento crédito
1532	61900	Pavimentación de vías públicas. Pavimentacion de vías públicas	7.091,85 €		Suplemento crédito
161	62900	Abastecimientos e saneamento - Otras inversio-nes nuevas	16.243,55 €		Suplemento crédito
450	22799	Admon Geral Infraestructura. Otros trabajos realizados	5.227,20 €		Suplemento crédito
453	61900	Carreteras. - Otr.inver.reposic.infraestructuras	21.575,14 €		Crédito extraordinario




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

920	22700	Administración General. Limpieza y aseo	3.316,43 €		Suplemento crédito
Total REX 1/2016			53.587,27 €		
1532	61900	Pavimentación de vías públicas. Pavimentacion de vías públicas	58.765,52 €	33.765,52 €	Suplemento crédito
161	62900	Abastecimientos e saneamento - Otras inversio-nes nuevas	24.244,20 €		Suplemento crédito
165	61900	Alumbrado Público. Otr. Inver. Reposic.infraes	20.000,00 €	20.000,00 €	Suplemento crédito
231	22799	Asistencia social primaria. Otros trabajos realizado	15.000,00 €		Suplemento crédito
3231	21302	Ed. Preescolar Maq., instalaciones -ascensor	2.668,73 €		Suplemento crédito
3321	62200	Bibliotecas públicas. Novos investimentos en edificios	37.130,83 €		Crédito extraordinario
334	22710	Promocion cultural. Actividades culturais	35.000,00 €		Suplemento crédito
341	60900	Promocion y fomento del deporte. Outras investimentos novos en infraestructuras e bens destinados a uso xeral	11.148,65 €		Crédito extraordinario
450	22706	Admon Gral de Infraestructuras - Estudios e trabajos técnicos	40.000,00 €		Suplemento crédito
450	62300	Admon Geral Infraestructura. Maquinaria	3.395,50 €		Suplemento crédito
453	61900	Carreteiras. - Otr.inver.reposic.infraestructuras	39.708,48 €		Crédito extraordinario
492	62300	Xestión do coñecemento-Maquinaria	8.178,28 €		Suplemento crédito
920	14300	Administracion general. Otro personal	5.000,00 €		Suplemento crédito
920	21200	Administracion general. Edificios y otras construciones	6.000,00 €		Suplemento crédito
920	63200	Administracion general. Reparación de edificios	40.000,00 €	40.000,00 €	Suplemento crédito
Subtotal			346.240,19 €	93.765,52 €	
Total Gastos non financeiros			399.827,46 €	93.765,52 €	
011	91100	Deuda Pública.Amortización préstamos sector público.	57.640,18 €	0,00 €	Suplemento crédito
Total Gastos financeiros			57.640,18 €	0,00 €	
Total incorporación remanente			457.467,64 €	93.765,52 €	

SEGUNDO.-Declarar a non dispoñibilidade de créditos que se sinalan no apartado anterior por un total de 93.765,52 € e efectuar a retención de crédito correspondente en tanto non se verifique o cumprimento da regra de gasto e estabilidade presupostaria na execución trimestral durante o exercicio 2016.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

RESUMO DAS ALTAS

	Crédito extraordinario	Suplemento crédito	Total
Capítulo 1		5.000,00 €	5.000,00 €
Capítulo 2		107.345,46 €	107.345,46 €
Capítulo 6	109.563,10 €	177.918,90 €	287.482,00 €
Capítulo 9		57.640,18 €	57.640,18 €
Total	109.563,10 €	347.904,54 €	457.467,64 €

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE:

MODIFICACIÓNS POSITIVAS NO ESTADO DE INGRESOS:


CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais 2015	457.467,64 €
	TOTAL ALTAS	457.467,64 €

CUARTO.- Esta aprobación terá carácter provisional, establecéndose un prazo de exposición ao público, logo de anuncio en Boletín Oficial de Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. En caso de producirse reclamacións, requirirase a aprobación definitiva do expediente polo Pleno da Corporación. Pola contra, considerarase definitivamente aprobado o expediente, non entrando en vigor ata que se produza a publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, resumida por capítulos.

O que se eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede.”

A Comisión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un) e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde dí: Eu vou facer unha aclaración sobre algunha das cantidades. Por si temos algunha dúbida todos. Dos 457.000 euros, hai unhas cantidades que xa están comprometidas, como ben leeu a Secretaria, que son as facturas pendentes do REX, que son 53.587 euros. A achega do Concello auga de San Andrés 24.244. Mellora acondicionamento edificio da sindical 40.000. E onde pon gastos financeiros 57.640 é para cancelar o préstamo que había do viveiro de empresas, que foi do ano 2010. Das partidas que deixamos, hai unha que tamén me gustaría aclarar, que di mellora e acondicionamento de edificio da sindical 40.000 euros. Deixamos 40.000 euros despois dunha reunión que tivemos a Concelleira e máis o Alcalde en Santiago co Conselleiro de Política Social e máis co Xerente do Consorcio falando da ampliación da escola infantil. Eles nos din que fagamos un proxecto, que teñamos un proxecto. No Concello hai un proxecto que fixeron vostedes no seu momento e nós imos quedar con eles. Quedaron de vir a semana que ven. Sobre ese proxecto xa lles falamos, que o que nos gustaría é polo menos ampliar que arranxasen, que no proxecto viñese recollido arranxar o tellado e máis arranxara a fachada, que



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

cremos que eran complementarios e necesarios. Pero bueno, habendo un proxecto, ese proxecto digamos que ao Consorcio lle vale. Non cremos adecuado que haxa que facer outro. Entonces, sí que deixamos 40.000, porque ahí temos unha asociación que é Sobre Rodas que os teriamos que cambiar para algunha outra ubicación, e bueno, cremos que é o sitio axeitado para eles. Despois temos ahí dúas partidas que son achega do Concello área recreativa e achega biblioteca municipal. Da biblioteca para poder licitar o proxecto estamos pendentos dun permiso de patrimonio e nos interesa sacalo canto antes porque da quita que teñamos poderemos reducir estas cantidades, que poderemos utilizar no remanente en outras cousas.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por seis votos a favor do PSdeG-PSOE (dous), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e cinco abstencións do PP, acorda: aprobar o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A CONSTITUCIÓN E CONCESIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE SOBRE UNHA PARCELA MUNICIPAL DE CARÁCTER PATRIMONIAL PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES

Pola Presidencia se anuncia a retirada deste asunto da orde do día do Pleno de común acordo por toda a Corporación. Explica o Sr. Alcalde que esta contratación é un expediente que leva conxunto toda a Corporación e na Comisión Informativa de Plenos recolleuse a petición do portavoz do Partido Popular de que se retirase o asunto, xa que nalgún aspecto dos pregos xurden algunhas dúbidas que creen acertadas, polo que se decide retiralo da orde do día para consensualo e seguir revisándoo cos servizos xurídicos do Concello.

6.- DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2017


Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do 19.07.2016, do seguinte teor literal:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 14.07.2016, que dí:

“Con data 23 de xuño de 2016 ten entrada no rexistro do Concello escrito da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no cal se comunica o calendario laboral para o ano 2017 na Comunidade Autónoma de Galicia, e así mesmo se solicita o envío da proposta do pleno ou órgano competente na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2017, que deberá remitirse a dito departamento territorial antes do día 30 de setembro de 2016.

Á vista da competencia do Pleno para o coñecemento ou aprobación destes días de festa, e considerando a conveniencia de que se manteñan os días 13 de xuño (San Antonio) e 26 de xullo (Santa Ana) como festivos locais, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Fixar como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2017 os seguintes:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

- 13 de xuño: San Antonio
- 26 de xullo: Santa Ana

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria.”

A Comisión, por unanimidade, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

7.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA DE 'APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO INSTALACIÓN DE XOGOS BIOSAUDABLES E INFANTÍS EN CEDEIRA' CORRIXIDO

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do 19.07.2016, do seguinte teor literal:

“Vista a Resolución de Alcaldía nº 264/2016, de 02 de xuño que dí:

“Mediante o acordo plenario de data 17.12.2015 solicitouse a participación no Plan de Acción Social 2015 da Deputación Provincial; no cal foi incluído entre outros, o proxecto da obra "Instalación de xogos biosaudables e infantís en Cedeira".


De acordo co informe do Sr. arquitecto municipal de data 03.12.2015, debe incorporarse ao proxecto técnico a seguinte documentación:

- xustificación do cumprimento do Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís. Incorporaranse plano/s coa distribución dos elementos na/s parcela/s.
- memoria urbanística
- memoria de accesibilidade

Consta recibido o proxecto técnico coa documentación sinalada no informe técnico de data 03.12.2015.

Con data 31.05.2016 o Sr. arquitecto municipal emite informe no cal consta o cumprimento no proxecto técnico das observacións técnicas realizadas; o cal non supón variación no importe total do proxecto.

Por isto, **RESOLVO:**



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Instalación de xogos biosaudables e infantís en Cedeira", unha vez incorporadas as observacións técnicas, o cal non supón variación no importe total do mesmo.
- 2.- Enviar o proxecto técnico "Instalación de xogos biosaudables e infantís en Cedeira" e a documentación que corresponda á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL.
- 3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un) e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, emite ditame favorable e acorda propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía nº 264/2016, de 02 de xuño.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 264/2016, de 02 de xuño.

8.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DE XGL DE 22.06.2016 RELATIVO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A ACTUACIÓN DE MELLORA DO SANEAMENTO DE CEDEIRA

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do 19.07.2016, do seguinte teor literal:

“Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 22.06.2016, que di:

”Vista a proposta de Alcaldía de data 22.06.2016, que literalmente di:

“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vista a proposta de convenio entre o Concello de Cedeira, e a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia para a execución de obras de mellora do saneamento de Cedeira.

O concello de Cedeira ten atribuídas competencias en materia de saneamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

En consecuencia, a execución das obras de saneamento obxecto deste Convenio trátase dunha competencia atribuída á entidade local, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local. Polo tanto, queda acreditado o interese principal do concello na súa promoción.

As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten nunha mellora do saneamento de Cedeira.

Actualmente a rede de saneamento presenta deficiencias no seu funcionamento e configuración. Executaranse as melloras necesarias para alcanzar un correcto funcionamento tanto da rede de colectores como da EDAR.

Visto informe de Secretaría de data 22.06.2016 e informe de Intervención da mesma data.

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.-Aprobar o borrador do convenio entre o Concello de Cedeira e a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia que se acompaña a esta proposta, cuxo texto se transcribe de seguido como anexo do presente acordo.

Segundo.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.


Terceiro.- Ratificar o presente acordo polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SANEAMENTO DE CEDEIRA. CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA), COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL GALICIA 2014-2020

Santiago de Compostela,

REUNIDOS



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Pablo Diego Moreda Gil, alcalde do concello de Cedeira, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O concello de Cedeira ten atribuídas competencias en materia de saneamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).


Segundo.- A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

Terceiro.- A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuir á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Cuarto.- O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvólvese con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Quinto.- As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75% do gasto elixible, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020, aprobado por Decisión de execución da Comisión do C(2015) 8144 final.

Sexto.-As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten nunha mellora do saneamento de Cedeira.

Actualmente a rede de saneamento presenta deficiencias no seu funcionamento e configuración. Executaranse as melloras necesarias para alcanzar un correcto funcionamento tanto da rede de colectores como da EDAR.

En consecuencia, a execución das obras de saneamento obxecto deste Convenio trátase dunha competencia atribuída á entidade local, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local. Polo tanto, queda acreditado o interese principal do concello na súa promoción.

Non obstante, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, o Concello e Augas de Galicia, cada unha dentro do seu ámbito competencial de acordo co exposto nas cláusulas anteriores, así como o deber de colaboración entre administracións establecido na normativa de aplicación, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cedeira para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no “Mellorado saneamento de Cedeira. Concello de Cedeira (A Coruña)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA


Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e cos efectos sinalados na cláusula sétima.
As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.
2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución
3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.
4. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

5. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 30 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.

6. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
7. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.
8. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.
9. No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.
10. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
11. Unha vez dea comezo a explotación das obras de referencia, establecer ou actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras de referencia.
12. A subrogación naqueles contratos de subministro que, se é o caso, tivesen que ser asinados durante o desenvolvemento das obras de referencia para posibilitar a súa execución e que deban ter continuidade unha vez recibidas estas.
13. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
14. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES EN RELACIÓN Á NORMATIVA REGULADORA DO FEADER

As partes asumen as obrigas que lle corresponden conforme a normativa reguladora do FEADER, en particular:

1. As de información e publicidade dispostas no Anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014
2. As relativas aos investimentos previstas no artigo 45 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro
3. As estipuladas no Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo
4. As previstas no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro do 2013.

QUINTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.

O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estes proxectos, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido para o proxecto primitivo nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

SEXTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 733.650,71 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A chegada de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2016	81.516,75
2017	652.133,96

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas de acordo coas seguintes porcentaxes do gasto elixible:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020 . As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na Medida 07 "servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais", Submedida 7.2 "apoio ós investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía".
- Por Augas de Galicia nun 17,50 %
- Polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 7,50%

As citadas actuacións executaranse de conformidade co estipulado no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello; e no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello e o resto da normativa comunitaria de aplicación. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación aos FEADER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do fondo europeo citado, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.

SÉTIMA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Titularidade das obras.- O concello adquire a titularidade das obras de referencia de xeito orixinario. Esta adquisición a título orixinario obedece ao feito de que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de carácter instrumental, de auxilio e de prestación de colaboración técnica e financeira para o exercicio destas competencias por parte do seu lexítimo titular, sen prexuízo de que coa dita asistencia prestada por Augas de Galicia se contribúa tamén a acadar os obxectivos de execución da



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

planificación, coordinación coa entidade local e de garantía dunha subministración eficaz, principio que preside as actuacións de Augas de Galicia neste ámbito.

Entrega.- Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do Concello que, como titular das obras de referencia, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e da normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

Para estes efectos, a recepción por parte do Concello da notificación que efectúe Augas de Galicia, onde se deixe constancia do remate das obras de referencia así como da súa recepción en conformidade por parte de Augas de Galicia, suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá a súa posta a disposición a favor do Concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade. Polo tanto, considerándose entregadas as obras de referencia, darase inicio para o Concello, a partir desta data de recepción da notificación, como titular e posuidor inmediato, ao cumprimento e á execución das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e as establecidas na normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

O réxime anterior será de aplicación no caso de existir recepcións parciais de obra, sempre e cando as obras recibidas por Augas de Galicia en conformidade poidan ser destinados ao uso público con independencia do resto de obra pendente de recibir, cuxa posta a disposición do concello terá lugar, do mesmo xeito, unha vez efectuada a súa recepción.

Non obstante o anterior, Augas de Galicia, de acordo co regulado neste convenio e no disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, conservará, unha vez entregadas as obras de referencia ao Concello, as competencias relativas á inspección facultativa das mesmas e poderá ordenar os traballos necesarios para a boa utilización das obras, o que será de obrigado cumprimento para a entidade local.

OITAVA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.


Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

DÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2017. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula sexta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarse a través dunha addenda ao mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia
- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.


No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sétima deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

A presidenta de Augas de Galicia

O Alcalde de Cedeira

Beatriz Mato Otero

Pablo Diego Moreda Gil

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar o borrador do convenio entre o Concello de Cedeira e a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia que se acompaña a esta proposta, cuxo texto se transcribe de seguido como anexo do presente acordo.

Segundo.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

Terceiro.- Ratificar o presente acordo polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”


A Comisión por unanimidade, emite ditame favorable e acorda propoñer ao Pleno a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 22.06.2016. “

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: Creo que estamos todos moi contentos de que se aprobe este convenio. A verdade é que é un investimento dos máis grandes que se fixeron nos últimos anos en Cedeira. Tamén se lle agradece dende aquí á Consellería, a Augas de Galicia, ao Subdirector Xeral e á Conselleira por ternos en conta e acordarse de nós, coas necesidades e carencias que temos no tema do saneamento. Así como tamén, un pouquiño seguir nos planes de verquidos e con todo isto. Sabemos que é un tema que non pode quedar aquí, e seguimos convidando a todas as corporacións que veñan nun futuro a que traten este problema coa máxima urxencia e coa necesidade máis grande porque realmente sí que é unha das prioridades que temos na Vila.

O Sr. Rubido Ramonde di: Parécenme moi ben as palabras que dixo, aínda que rozan a provocación.

O Sr. Alcalde di: Non iban nese sentido.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, non é o seu estilo. Pero imos ver, isto é produto de reunións a catro bandas: Concello, as dúas concesionarias, Viaqua e a concesionaria da xestión da edar e a Xunta. E das reunións surxíu un proxecto, que se aprobou no 2013. Consta no expediente administrativo. Todo o que digo consta no expediente administrativo. O proxecto a probouse no 2014 sin partida presupostaria posto que virían os fondos Europeos, dende o dezaseis ao vinte. Chegaron os fondos europeos e dotouse de presuposto e bótase adiante. Dígoo, non



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

polo que dixó aquí. Non sei se é certo, porque eu non o lín, pero vostede dixó a certo medio que levaban traballando neste un ano. No 2014 quedou en stand-by á espera dos fondos europeos. Si lle ensino a primeira páxina de “Sete Parroquias” iba a ser un tanque de tormentas, eu sí lle fago caso aos técnicos nestas cuestións. En cuestións xurídicas e económicas, bueno, a lei está ahí para interpretala. Cuestións de coñecementos físicos e científicos sí lles fago caso ós técnicos. E a intervención que se vai facer non é correctiva, é preventiva. Unha vez que se agoten todas as infraestructuras preventivas, veremos si é necesario unha correctiva que sería un tanque de tormentas. Non sei si foi certo que vostede dixó que levaban un ano traballando, cando ese tema está en stand-by, estaba totalmente consumado e esperando os fondos europeos.


O Sr. Alcalde di: Este proxecto ou calquera proxecto que se faga en Cedeira co tema de saneamento, teña por seguro que estamos nosoutros tamén detrás diso, conseguíndo. Tivemos moitísimas reunións coa Xunta de Galicia e en ningún momento nos faláron deste proxecto. Eso pode vostede creelo ou non creelo, pero proxectos ahí hai uns cantos: piscina, aumento da biblioteca.... Proxectos hai uns cantos, tamén do edificio de usos múltiples, tamén o hai. Hai proxectos de todos, non digo que sexa seu.

O Sr. Rubido Ramonde di: Este proxecto é da Xunta.

O Sr. Alcalde di: En todo momento nós facemos caso ó que nos din os técnicos da Xunta. Solo faltaría, chegar nosoutros á Xunta a dicir as actuacións que hai que facer en Cedeira. Nós o que intentamos é detectar os problemas e buscar unhas solucións. A todo isto, sí que sale un proxecto, un proxecto que según o expediente do ano 2010 e ese proxecto se revisa e que se dí que se pode, con ese proxecto, meter orzamento este ano. Moi ben. Pero tamén lle digo que había un proxecto dun centro de saúde, que estaba cuns fondos e que se deixou escapar, de dous millóns seiscentos mil euros que había adxudicados e publicados no BOP para o Concello de Cedeira. Si, si, non diga que non porque é verdade. E esos dos millóns seiscentos mil euros que están publicados no BOP deixáronse escapar.

O Sr. Rubido Ramonde di: No BOE.

O Sr. Alcalde di: No BOE, perdón, deixáronse escapar ... A vostede sei que lle fai moita falta. A vostede gastar un millón de euros de remanente e dicir aquí que lles fai caso ós técnicos, menos ó Interventor. Xa sei que a vostede faille gracia dous millóns seiscentos. Faille gracia dicir que ás veces ó Interventor e á Secretaria non lles hai que facer caso. Nosoutros seguimos e seguiremos, foi o que dixen ó primeiro, loitando para que se cumpra iso, e si os técnicos da Xunta nos van a dicir que o día de mañá hai que facer un tanque de tormentas, loitaremos por un tanque de tormentas. E igual, tamén había un proxecto na Deputación, que é a variante das Pontigas e tamén está ahí, e tamén o día que se lle consiga o orzamento será porque se pelea para que teña un orzamento, e tamén claro, si se consegue orzamento ha ser de cando se fixo. Porque durante moitos anos estivo ahí e ninguén o tirou para adiante. E tamén, neste caso sí que lle reprocho me parece moi populista salir na prensa dicindo o que contradicen as ordenanzas municipais. É dicir, cando nos peleamos, cando toda a xente que ten que facer unha obra, por lei, ten que conectar as baixantes das súas vivendas á rede de pluviais, sae vostede dicindo do remanente. Claro, o remanente un millón de euros, o remanente sempre o



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

remanente, todo é remanente. Pero iso é populismo. E é verdade, e vostede ben o sabe. E podería dicir moitas máis cousas. E son obras que non son tan costosas, porque para unha comunidade tres plaquetas e desviar un pouquiño e sería o exemplo para que seguisen os demais facendo. E bastante é que se poida facer iso. Pero bueno, eu creo que esas declaracións sobran Sr. Rubido.

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno, un inciso sobre o centro de saúde. O centro de saúde, esa axuda publicada no BOE, Boletín Oficial do Estado, á Xunta correspondíalle outra partida. Nunca dotou a Xunta esa outra partida. Despois, estaban vostedes gobernando e tiñan que aportar o solo. Que aportaban o solo onde hoxe van a ubicar uns xogos, onde está a pista polideportiva.

O Sr. Alcalde di: Pistas de padel.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eso foi o que aportaron vostedes. Houbo un informe en contra da Xunta e ahí quedou. Ao día de hoxe non hai aportado solo.

O Sr. Alcalde di: Pero vostedes tiveron catro anos para aportar o solo. Recordo un día cando falamos do tema da piscina.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non diga recordo un día de conversas persoais.

O Sr. Alcalde di: De aquí, de aquí do pleno. Pódeo dicir, pode dicir o que queira. Diga o que queira. Non teño nada que esconder. Diga o que queira. Un día aquí nun pleno, non en conversas persoais, nun pleno dixemos, cando se falou da piscina, e que vostede non entendía por qué as pistas de padel se puideron facer así, e dixemos o importante é que haxa diñeiro para facer unha piscina, a ubicación xa lla buscaremos. Da igual que sexa nun lado ou outro. O importante é que haxa unha piscina, que houbera un centro de saúde novo. Que houbera moitas cousas. O importante é que o haxa, non é onde esté. E vostede sabe perfectamente que si había que loitar na Xunta partida a partida orzamentaria, habendo a do Estado, que había ese diñeiro ahí e non se loitou por el porque non se ofreceu outra posibilidade. E isto ven a conto dos proxectos anteriores. Para que un proxecto teña orzamento hai que pelearlo moito. E hai que ir moito á Xunta e este é un traballo de todos. Non boto méritos a nadie. O traballo é de todos e o investimento dos últimos sete anos. E o Sr. Concelleiro de Medio Ambiente, Camilo Casal e máis eu fumos moitísimas veces á Xunta a falar do tema da rede separativa e máis de moitos problemas que houbo en Cedeira.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ratifícome.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu solo quero dicir unha cousa. Eu creo que na intervención do Alcalde con respecto a este tema tampouco foi en ningún momento ofensiva, nin que marcara algunha diferenza o que dixera que vostedes non fixeran nada con respecto ó tema de saneamento. Creo que vostede interpretou un pouco... quero dicir, fixo unha aclaración, que está ben que a faga, pero él tampouco en ningún momento lanzou ningún ataque contra vostedes. Non entendo moi ben a súa saída.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non me negou o que se dixo na prensa.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: ¿Pero qué se dixo na prensa?

O Sr. Rubido Ramonde di: Esa inversión levaba a súa propia dinámica. Totalmente. Sola. Non facía falta nada máis.

O Sr. Alcalde di: Como a variante das Pontigas, como o centro de saúde, home, por favor. Como a ampliación da escola infantil. Todo. Non. Sabe vostede perfectamente que hai que loitar.

O Sr. Rubido Ramonde di: O proxecto da escola infantil, non solo o elaboramos, non solo está nunha estantería ahí. Está presentado no Consorcio. E hai informes e no primeiro informe fixéron observacións. Dúas. Mínimas. Unha era sobre a calefacción. E ao final estaba aceptada. E tome nota. Si vai outra vez alí. Alí está o proxecto. Había unha partida presupostaria no presuposto do 2015 e alí está o proxecto, informado favorablemente.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Iso non é verdade.

O Sr. Alcalde di: Iso non é verdade. Falei con Roberto, que era o Xerente do Consorcio e dixo que non era verdade que había partida orzamentaria.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, non. Do Concello.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero do Consorcio non.


O Sr. Rubido Ramonde di: Eu non estou dicindo iso. Eu digo que o proxecto está presentado. Está informado. Ao final superou todos os informes. E había o único, que era a potencia da caldeira da calefacción e acreditouse que a caldeira que se colocou de biomasa xa está posta para todo o edificio. Ten potencia.

O Sr. Alcalde di: Sr. Rubido, eu volvo a dicir o que dixen antes, cando falamos da Escola Infantil. Collimos un proxecto que estaba feito por vostedes, e se o proxecto lle vale ao Consorcio pois o proxecto lle valerá. O único que si se vai facer unha modificación, me gustaría que se actuase na cuberta porque é necesaria e máis na fachada. Foron as miñas palabras. Eu o último día que fun ao Consorcio, perdón, que estivemos co Conselleiro, o Conselleiro non nos di temos aquí un proxecto, temos o proxecto informado. Para nada. E máis estaba Manoli conmigo e nos pedíu unha memoria.

O Sr. Rubido Ramonde di: Imos ver. Isto está no Consorcio. Estouno poñendo en antecedentes. Está non Consorcio. Está informado. Si o Conselleiro naquel momento non o sabía, falen vostedes co xerente do Consorcio.

O Sr. Alcalde di: Estaban o xerente do Consorcio e máis o Conselleiro, os dous.

O Sr. Rubido Ramonde di: Terano que mirar. Pero está. Non me preocupa unha cousa que podo demostrar.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: Nadie pon en dúbida iso.

A Sra. López Rodríguez di: O que dicimos é que alí non. Non sabían. As dúas persoas que nos atenderon non sabían.

O Sr. Rubido Ramonde di: Busquen o expediente. Como eran cuestións técnicas déuselle traslado ó redactor do proxecto, a PROYFE, e evacuou o correspondiente.

O Sr. Alcalde di: Non estamos poñendo en dúbida que houbera esos informes. O único que dicimos é que a nós o que nos transmitiron é que fixesemos unha memoria valorada e foi cando encontramos o proxecto.

O Sr. Rubido Ramonde di: Remitímonos a todo o que consta nos arquivos do Concello. As conversas que poidas ter cun conselleiro, di e díxome, non lles dou importancia. Para min o importante é o que consta nos arquivos.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero vostede sabe perfectamente, porque foi Alcalde e sábeo, que dende un concello hai que estar pendiente de absolutamente calquera cousa que se manda a calquera organismo, sexa Xunta, sexa Deputación, sabe perfectamente que as cousas por sí solas non van. E hai moitísimos concellos que teñen que atender e é cuestión de que o concello insista, moitas veces, para que algo se leve a término. Vostede eso sábeo perfectamente.

O Sr. Rubido Ramonde di: Si, si. Pero eso non exclúe o que digo eu. O que digo eu é que estaba máis ou menos encauzado o 50% o Concello, 50% a Xunta. Neste momento dixeron non temos partida, pero dos Fondos Europeos ímola ter. E así estaba, consignado no presuposto.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non, de aquí si, pero aló non.

O Sr. Alcalde di: Pois non o fixeron. Non o tiñan.

O Sr. Rubido Ramonde di: Chamarei aló e que o atopen. Está, está. Si algún profesional non o atopou, ese é o tema. Pero si está aquí, réplica do que fixo a Xunta. Aquí ten que haber unha réplica do que fixo a Xunta.

O Sr. Alcalde di: A mín tamén me gustaría, por último, sobre todo isto, cando hai unha transmisión de poderes. Cando unha corporación sae e outra entra, que se deberían poñer moitas cousas enriba da mesa e facilitar traballo. Porque moitísimos dos documentos que din que hai, despois non aparecen, aparecen e están alí, alí e todo iso.

O Sr. Vilela Santalla di: Bueno, estos proxectos quedaban enriba da mesa.

O Sr. Alcalde di: Non digo proxectos. Digo documentos. Refírome a esa documentación.

O Sr. Vilela Santalla di: A documentación estaba tamén en Secretaría.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 22.06.2016. literalmente transcrito.

9.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 273/2016 DE 7.06.16 DE ABSTENCIÓN DO ALCALDE NO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU DE CEDEIRA A INSTANCIA DE ALQUILANDIA S.L

Dase conta ó Pleno da resolución de Alcaldía núm. 273/2016 de 07.06.2016 de abstención do Alcalde no expediente de modificación puntual do PXOU de Cedeira a instancia de Alquilandia, S.L., que literalmente dí:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ABSTENCION DO ALCALDE NO EXPEDIENTE DE MODIFICACION PUNTUAL DO PXOU DE CEDEIRA A INSTANCIA DE ALQUILANDIA S.L


D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde do Concello de Cedeira (A Coruña), no exercicio das facultades atribuídas pola lexislación de réxime local,

Resultando que en data 11 de marzo de 2016 ten entrada no rexistro do concello escrito presentado por D. Teodoro Moreda Fernández, en nome da compañía mercantil “Alquilandia S.L.” como administrador único, no que solicita o inicio e tramitación polo Concello da Modificación Puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cedeira, co obxecto de modificar a clasificación do solo, usos e parámetros urbanísticos da parcela sita na estrada C-566/Avenida de Castelao con referencia catastral 15022A503005090000UI e unha superficie de 3.323 m², incorporando o uso comercial en edificación exclusiva, nos termos que resultan de proposta adxunta, e se acorde o interese público, conveniencia, oportunidade e posibilidade legal,

Resultando que na mesma data preséntase por D. Ángel Luis Monteoliva Díaz, como arquitecto representante de Monteoliva Arquitectura S.L.P., dous exemplares en papel e dous exemplares en soporte dixital da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cedeira, nos termos expostos, cuxo contido é Borrador do Plan e Documento Ambiental Estratéxico para a súa tramitación solicitando o inicio da Avaliación Ambiental Estratéxica Simplificada,

Vista a causa de abstención prevista no art 28.2.e) da Lei 30/92 “ ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar “ , resultando que malia que a relación de servizo co administrado único da sociedade interesada finalizou no ano 2013 a vinculación profesional con dito administrador durou máis dunha década, polo que en aras de evitar que por este motivo se poida entender comprometida a súa obxectividade, considera esta Alcaldía xustificada a súa abstención debendo ser substituído polo Tenente de Alcalde que corresponda, segundo o previsto no art 23 da Lei 7/85 de 2 de abril de bases do réxime local.

Considerando o establecido no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sobre substitución da Alcaldía polo Tenente de Alcalde que corresponda, segundo a orde do seu nomeamento, así como o previsto no artigo 44.2 e concordantes da mesma norma, sobre a forma de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

efectuar esta delegación e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa vixencia a partir do día seguinte ao da data deste Decreto,

Visto canto antecede, por medio do presente , **RESOLVO:**

Primeiro.- Delegar na primeira Tenente de Alcalde deste Concello e Concelleira-Delegada de Urbanismo, D^a María José Rodríguez Pérez, todas as competencias atribuídas a esta Alcaldía en relación con todos os actos administrativos relacionados co expediente de Modificación Puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cedeira, co obxecto de modificar a clasificación do solo, usos e parámetros urbanísticos da parcela sita na estrada C-566/Avenida de Castelao con referencia catastral 15022A503005090000UI e unha superficie de 3.323 m², incorporando o uso comercial en edificación exclusiva, nos termos que resultan da proposta presentada en data 11 de marzo de 2016 por D. Ángel Luis Monteoliva Díaz, como arquitecto representante de Monteoliva Arquitectura S.L.P.

Segundo.- Esta delegación terá efectos desde o día seguinte ao da data deste Decreto, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Dar conta do presente Decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice.

Cuarto.- Notifíquese á concelleira na que se delega.”


Aberto o turno de intervencións a Sra. Rodríguez Pérez di: A min gustaríame dicir algo, porque algunha vez falamos disto. O portavoz do grupo Popular sí que falou disto nalgunha pregunta e a min gustaríame que quedara claro que foi a petición propia absterse, excluírse él do que vai ser a tramitación deste expediente. Gustaríame que lles quedara claro.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ben, despois da petición feita pola oposición. Non ten outro camiño. A nosa petición é decisión del. Vale. Sobraba.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non. Eu creo que non sobraba.

O Sr. Alcalde di: Non, non sobraba porque igual tamén sí que houbo antigamente, pois puido haber no concello expedientes onde había familiares e se votaron e tamén pasou iso. Eu creo que hoxe en día os técnicos son, volvo a dicilo, os que fan os informes, iso todos o sabemos, pero temén creo pertinente, sigo dicindo dende aquí, bueno, si se lee o BOP, neste caso, xa aparece ahí os motivos de retirarme deste expediente, onde volvo a asegurar que non existe ningún tipo de relación familiar. E o que o diga que o demostre. Creo que calquera alcalde ten que facer sempre caso ós seus técnicos. Neste caso tampouco quero que o grupo de goberno se vexa salpicado por calquera tipo de suspicacia que poida haber. Entendo perfectamente que traballar moitos anos para esta empresa, que aparte de para mín ser importante na miña vida, creo que sí que é un feito que está ahí, que habendo posibilidade de poder facer isto pois creo que é o que teño que facer. E me gustaría que calquera expediente que nun futuro que houbese unha situación similar á miña, que todo o mundo proceda da mesma forma.

O Sr. Labraña Barrero di: Eu con respecto a ese tema, unha pequena precisión porque xusto despois das eleccións, antes de conformar o goberno, tivemos unhas xuntanzas,



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

evidentemente, nas que se negociou e coincidiu no tempo precisamente coa saída na prensa de toda esta cuestión. En principio púxonos en certa alarma que esto puidese ser verdade. Froito desas primeiras xuntanzas xa apareceu a vontade do que logo iba ser o alcalde de que efectivamente él neste tipo de cuestións íase abster. Incluso non ser parte activa do que podería ser a comisión de urbanismo. Para evitar este tipo de cousas. Máis que nada, non é por apuntarse méritos, pero bueno, que forma parte da historia que xustifica isto.

O Sr. Alcalde di: É un expediente no que eu, no seu momento, traballei. Un expediente que, incluso, eu estiven reunido co Sr. Rubido cando él era Alcalde para falar destes temas. Por eso mesmo, sería outra das razóns para facer isto.


O Pleno da corporación queda enterado.

10.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ADOPTADAS DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por R.D. 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En consecuencia dáse conta das Resolucións da Alcaldía desde o número 241 ao número 354.

Nº EXPEDIENTE	Nº DECRETO	ASUNTO
2016/G003/000248	241/2016	AVOCACIÓ DE COMPETENCIA E APROBACIÓ FACTURA MARUXIÑ FILM COMPANY S.L.
2016/G003/000249	242/2016	REMISIÓ DA OFERTA DE EMPREGO AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓ DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA
2016/G003/000250	243/2016	REMISIÓ DA OFERTA AO SERVIZO PÚ DE EMPREGO, PARA A CONTRATACIÓ LABORAL TEMPORAL DUNHA PERSOA PARA INFORMACIÓ TURÍ
2016/G003/000251	244/2016	NOMEAMENTO DIRECTOR DE OBRA PARA REPARACIÓ DE VIAIS MUNICIPAIS EN VILA DO RIO E SAIÑ
2016/G003/000252	245/2016	GASTOS DE LOCOMOCIÓ DE ANTONIO SEDES BELLÓ
2016/G003/000254	246/2016	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DOUS SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS
2016/G003/000255	247/2016	NOMINA DE MAIO DE 2016
2016/G003/000253	248/2016	SOLICITUDE DE SUBVENCIO Á EXCMA. DEPUTACIÓ PROVINCIAL DA CORUÑ PARA A FINANCIACIÓ DO GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO PARA A ANUALIDADE 2016
2016/G003/000256	249/2016	ADXUDICACIÓ DA OBRA ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑ MUNICIPAIS: NEBRIL""
2016/G003/000257	250/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000258	251/2016	INCOACIÓ DO EXP. DE REPOSICIÓ DA LEGALIDADE URBANÍ 2016/1002/000004
2016/G003/000259	252/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000260	253/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000261	254/2016	EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL 5/15 RP PROMOVIDO A INSTANCIA DE ANA MARIA GALEGO VAZQUEZ




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G


2016/G003/000262	255/2016	PRÓ DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓ LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO PSICÓ PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PERSOAS MAIORES: DINAMIZACION E INTEGRACION
2016/G003/000263	256/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000264	257/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000265	258/2016	ALTAS NO PADRÓ MUNICIPAL DE HABITANTES, MAIO
2016/G003/000266	259/2016	CONTRATACIÓ DA POLIZA DO SEGURO DE DANOS A EDIFICIOS
2016/G003/000267	260/2016	CONTRATACIÓ DE POLIZAS DA FLOTA DE VEHÍ DO CONCELLO
2016/G003/000268	261/2016	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO
2016/G003/000269	262/2016	EXPEDICIÓ DE COPIAS DE DOCUMENTOS RELATIVOS Ó EXP. DE OBRA 243/2004
2016/G003/000270	263/2016	APROBACIÓ DO PROXECTO TÉ INSTALACIÓ DE XOGOS BIOSAUDABLES E INFANTI EN CEDEIRA" CORRIXIDO"
2016/G003/000271	264/2016	APROBACIÓ DO PLAN DE SEG. E SAÚ DA OBRA DE REPARACIÓ DE VIAIS MUNICIPAIS EN VILA DO RIO E SAIÑ
2016/G003/000272	265/2016	NOMEAMENTO DUN REPRESENTANTE DO CONCELLO PARA A COMISIÓ DE SELECCIÓ PARA A CONTRATACIÓ TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓ OU RISCO DE EXCLUSIÓ SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA
2016/G003/000273	266/2016	EXP. DE DEBER DE CONSERVACIÓ – ARQUIVO DO EXPEDIENTE 10/2016 OE
2016/G003/000275	267/2016	EXPEDIENTE DE DEBER DE CONSERVACIÓ 3/2016 OE – LIMPEZA DE FINCAS – ORDE DE EXECUCIÓ E APERCIBIMENTO DE EXECUCIÓ FORZOSA
2016/G003/000276	268/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000277	269/2016	CONTRATACIÓ LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A XORNADA COMPLETA
2016/G003/000278	270/2016	CONVOCATORIA DA COMISIÓ SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DOUS SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS
2016/G003/000279	271/2016	CONVOCATORIA DA COMISIÓ SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓ LABORAL TEMPORAL DUNHA PERSOA PARA INFORMACIÓ TURÍ
2016/G003/000281	272/2016	ABSTENCION DO ALCALDE NO EXPEDIENTE DE MODIFICACION PUNTUAL DO PXOU DE CEDEIRA A INSTANCIA DE ALQUILANDIA S.L
2016/G003/000274	273/2016	APROBACIÓ DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓ LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS NOS POSTOS DE TRABALLO DE OFICIAL 1º
2016/G003/000282	274/2016	CONTRATAACION LABORAL TEMPORAL DUN AUXILIAR DE POLICIA LOCAL
2016/G003/000283	275/2016	NOMEAMENTO DE D. ALBERTO DIAZ GARCIA COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DO GRUPO C1, ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, CLASE ESCALA BASICA, CATEGORIA OFICIAL POLICIA LOCAL
2016/G003/000284	276/2016	DESIGNACIÓ DE AVOGADO NO INCIDENTE DE EXECUCIÓ 1/2010, CONCEPCIÓ REY PITA CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
2016/G003/000285	277/2016	MODIFICACIÓ DA HORA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DOUS SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS.
2016/G003/000286	278/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000287	279/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000288	280/2016	APROBACIÓ DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚ DA OBRA DE ACONDIC. E MELLORA CAMIÑ MUNICIPAIS: NEBRIL
2016/G003/000289	281/2016	DECRETO NÓ EXTRAORDINARIA DE XUÑ 2016
2016/G003/000290	282/2016	DECRETO ABONO ATRASOS TRIENIO ANTONIO RODRIGUEZ FABELLO.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

2016/G003/000291	283/2016	CONCESIÓ DE LICENZA POR ASUNTOS PROPIOS A D.ª ELENA PAZOS VILELA
2016/G003/000292	284/2016	OCUPACIÓ DE VÍ PÚ CON TERRAZA
2016/G003/000293	285/2016	NOMEAMENTO XURADO CONCURSO DE FOTOGRAFÍ " CEDEIRA"
2016/G003/000295	286/2016	AUTORIZACION A D.ª MARÍ DEL CARMEN VILLASUSO GÓ PARA CONSULTA DO CATASTRO ANTIGO
2016/G003/000296	287/2016	AUTORIZACION A D. MANUEL LANDROVE RAMOS PARA CONSULTA DO CATASTRO ANTIGO
2016/G003/000297	288/2016	AUTORIZACION A D.ª MARÍ LUISA PÉ TARACIDO PARA CONSULTA DO CATASTRO ANTIGO
2016/G003/000298	289/2016	APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚ
2016/G003/000299	290/2016	OCUPACIÓ DA VIA PÚ
2016/G003/000300	291/2016	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCTAL
2016/G003/000301	292/2016	EXPEDIENTE DE REPOSICIÓ DA LEGALIDADE URBANÍ – ARQUIVO DO EXPEDIENTE 2015/1002/000001
2016/G003/000294	293/2016	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS COMISION SELECCIONADORA E CONVOCATORIA DAS PROBAS PARA A FORMACIÓ DA BOLSA DE TRABALLO PARA UNHA CUADRILLA DE LIMPEZA DE PRAIAS
2016/G003/000302	294/2016	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍ AO PROCESO DE SELECCIÓ PARA A FORMACIÓ DA BOLSA DE TRABALLO COMO TÉ DE MEDIO AMBIENTE.
2016/G003/000304	295/2016	NOMEAMENTO DE D. ALEJANDRA CUADRADO SAAVEDRA PARA SUBSTITUCIÓ POR AUSENCIA DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVA DAS OFICINAS XERAIS PARA CUBRIR NECESIDADES URXENTES E INAPRAZABLES
2016/G003/000305	296/2016	CONCESION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
2016/G003/000306	297/2016	SOLICITUDE DE SUBVENCÍO AO INEGA PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉ
2016/G003/000307	298/2016	CONCESION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA
2016/G003/000308	299/2016	SOLICITUDE DE SUBVENCÍO PARA A ELABORACIÓ DA ESTRATEXIA DE SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL PARA O CONCELLO DE CEDEIRA
2016/G003/000309	300/2016	INDEMNIZACIONES POR RAZON DO SERVIZO-LOCOMOCIÓ
2016/G003/000310	301/2016	ADXUDICACIÓ DA OBRA DE INSTALACIÓ DE DÚ PISTAS DE PÁ CUBERTAS
2016/G003/000312	302/2016	APROBACIÓ DEFINITIVA MC 04 2016 GC 02 2016
2016/G003/000313	303/2016	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓ MUNICIPAL DO 1 AO 31 DE MAIO DE 2016
2016/G003/000311	304/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000314	305/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000315	306/2016	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000316	307/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000317	308/2016	DELEGACIÓ DE FUNCIO DA ALCALDÍ NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE
2016/G003/000318	309/2016	CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE CINCO PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE LIMPEZA
2016/G003/000319	310/2016	RESOLUCION ESTIMATORIA ALEGACIONES DE EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO
2016/G003/000320	311/2016	CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUNHA PSICOLOGA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PERSOAS MAIORES: DINAMIZACION E INTEGRACION E XIMNASIA TERAPEÚ 8º EDICIÓ
2016/G003/000321	312/2016	CONTRATACIÓ LABORAL TEMPORAL DUNHA PERSOA PARA A OFICINA DE INFORMACIÓ TURISTICA DURANTE DOUS MESES




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2016/G003/000322	313/2016	RECURSO DE REPOSICION INTERPOSTO POR D. JOSE LUIS PARADA FREIRE CONTRA A RESOLUCION DE ALCALDIA DE DATA 29.4.16 (N° 184/2016) EXPTE 3/14 RP
2016/G003/000323	314/2016	CONTRATAÇÃO LABORAL TEMPORAL DUNHA MONITORA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS
2016/G003/000324	315/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000326	316/2016	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
2016/G003/000328	318/2016	DESIGNACION DE AVOGADO E PROCURADOR NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 112/2016, SOTO ESPECTÁ AS PONTES, S.L. CONTRA CONCELLO DE CEDEIRA
2016/G003/000329	319/2016	APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍ PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓN LABORALIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO INFORMADOR TURÍ
2016/G003/000330	320/2016	APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓN LABORALIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA UNHA CUADRILLA DE LIMPEZA DE PRAIAS
2016/G003/000325	321/2016	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A SELECCIÓN E CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓ PARA SERVIZOS MÍ MUNICIPAIS
2016/G003/000331	322/2016	RESOLUCION SANCIONADORA EXPEDIENTE 2015/I001/000005 INCOADO A D. JONATHAN MEDINA GUERRA
2016/G003/000327	323/2016	AUTORIZACION PARA CONSULTA DO CATASTRO ANTIGO
2016/G003/000332	324/2016	CONTRATAÇÃO LABORAL TEMPORAL DE DOUS TRABALLADORES CON OCUPACIÓN DE BAÑ PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE PRAIAS
2016/G003/000333	325/2016	CONTRATAÇÃO LABORAL TEMPORAL DE CINCO PEÓ PARA UNHA CUADRILLA DE LIMPEZA DE PRAIAS
2016/G003/000334	326/2016	PAGAMENTO HORAS EXTRAORDINARIAS A DON ENRIQUE VÁ MARTÍ
2016/G003/000335	327/2016	PRORROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIONES LABORALIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO MONITOR/A PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO NAS VACACIÓN IGUALDADE, XOGO E CONCILIACIÓN
2016/G003/000337	328/2016	ARQUIVO DO EXPEDIENTE 1/16 MP (INDEMNIZACION REPOSICION MOBILIARIO PUBLICO)
2016/G003/000336	329/2016	NOMINA DE XUÑ DE 2016
2016/G003/000338	330/2016	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 05 2016 GC 03 2016
2016/G003/000339	331/2016	CONTRATAÇÃO LABORAL TEMPORAL DE TRES MONITORES PARA O SERVIZO NAS VACACIÓN IGUALDADE, XOGO E CONCILIACIÓN
2016/G003/000340	332/2016	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS, COMISION SELECCIONADORA E CONVOCATORIA DAS PROBAS PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO COMO TÉ DE MEDIO AMBIENTE
2016/G003/000341	333/2016	LEVANTAMENTO DE REPARO CAMPUS PICAPEIXE 2016
2016/G003/000342	334/2016	APROBACION DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁ DEL RÍ
2016/G003/000343	335/2016	ALTAS NO PADRÓ MUNICIPAL DE HABITANTES. XUÑ
2016/G003/000344	336/2016	NOMEAMENTO DE VICTORIA LUISA GÓ FUSTES COMO FUNCIONARIA INTERINA PARA CUBRIR A PRAZA VACANTE CON CÓ 15022AD04
2016/G003/000345	337/2016	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS, COMISION SELECCIONADORA E CONVOCATORIA DAS PROBAS PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENIOS FORESTAIS
2016/G003/000346	338/2016	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS, COMISION SELECCIONADORA E CONVOCATORIA DAS PROBAS PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENIOS FORESTAIS



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2016/G003/000347	339/2016	CONTRATAÇÃO LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE CRISTINA GONZÁ LOUREIRO
2016/G003/000348	340/2016	CONTRATAÇÃO LABORAL TEMPORAL DUN PEÓ PARA PROTECCIÓN DE MEDIO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL
2016/G003/000349	341/2016	APROBACION DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A COFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA COA FINALIDADE DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO PERCEBE NO 2016
2016/G003/000350	342/2016	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓ PARA SERVIZOS MÚNICIPAIS
2016/G003/000351	343/2016	PREMIOS DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “ CEDEIRA”
2016/G003/000354	344/2016	ORDE DE EXECUCIÓN E APERCIBIMENTO DE EXECUCIÓN FORZOSA (27/2016 OE)
2016/G003/000352	345/2016	APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO
2016/G003/000353	346/2016	EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA – RESOLUCIÓN E APERCIBIMENTO DE EXECUCIÓN FORZOSA (EXP. 2015/1002/000003)
2016/G003/000355	347/2016	APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA A BRIGADADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
2016/G003/000356	348/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000357	349/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000358	350/2016	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA
2016/G003/000359	351/2016	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PLAN DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE CEDEIRA
2016/G003/000360	352/2016	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.
2016/G003/000361	353/2016	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. (MENORES DE IDADE)
2016/G003/000362	354/2016	APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO TÍTULO DE MEDIO AMBIENTE

A Corporación queda enterada.

11.- MOCIÓN DE URXENCIA


Pola Presidencia se informa de que o grupo de goberno municipal somete á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, a seguinte Proposta da Alcaldía, de data 20.07.2016, á que pola Secretaría dáse lectura:

“PROPOSTA AO PLENO

Asunto: Modificación do Anexo de Subvencións nominativas do exercicio 2016

O 5 de marzo de 2015 asinouse o convenio de colaboración, entre o Concello e as entidades Asociación Cultural Banda de Música de Cedeira e Sociedade Cultural Robaleira para o financiamento da Escola de Música de Cedeira por importe de 28.000,00 euros. Este importe aumentouse no orzamento de 2016 a 32.000 €

Entre as diferentes entidades participantes creouse a Asociación Escola de Música Vila de Cedeira para unificar a xestión da devandita escola. No orzamento de 2016, elevouse a cantidade da subvención para o financiamento da Escola de Música ata os 32.000 €.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Nos orzamentos municipais para 2016 figuran no Anexo de subvencións nominativas, entre outras as seguintes subvencións:

Partida 334.489.00.- Cultura- Outras Transferencias	
G15812530	
Asociación Cultural Banda de Música de Cedeira (Escola de Música)	32.000,00

O 22 de febreiro de 2016, con posterioridade á entrada en vigor do orzamento do 2016 a Asociación Escola de Música Vila de Cedeira solicitou o cambio do convenio a favor da Asociación Escola de Música Vila de Cedeira, e na Xunta de Goberno do 25 de febreiro aprobouse o devandito convenio.

Na bases de subvencións en concorrencia competitiva, resulta incompatible o ser beneficiario de subvención nominativa coas sinaladas subvencións, habendo presentado subvención a a Banda de Música de Cedeira.

Compre corrixir a denominación existente no anexo de subvencións, para acomodalo á realidade e que se posibilite á Banda de Música de Cedeira optar as subvencións en réxime de libre concorrencia.

Non se alteran os importes totais adicados a cada entidade, e unicamente a denominación correcta do destinatario da subvención e o prestador real da actividade.

Por todo iso, e de conformidade co sinalado na normativa vixente, propónse modificar o anexo de subvencións nominativas do exercicio 2016, no seguinte sentido:

PROPOSTA

Aprobar a modificación nominal do Anexo de Subvencións nominativas do orzamento 2016 que quedaría do seguinte modo, unha vez efectuada a modificación de crédito correspondente:

Onde dicía:

Partida 334.489.00.- Cultura- Outras Transferencias	
G15812530	
Asociación Cultural Banda de Música de Cedeira (Escola de Música)	32.000,00

Debe dicir:

Partida 334.489.00.- Cultura- Outras Transferencias	
G70429543	
Asociación Escola de Música Vila de Cedeira	32.000,00

Asdo.

O Alcalde,

Pablo Diego Moreda Gil

Cedeira, 20 de xullo de 2016"



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

Polo Sr. Presidente se somete á consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

Sometida a votación ordinaria a proposta transcrita, resulta APROBADA por unanimidade dos membros presentes.

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún outro asunto.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Rubido Ramonde di: Nosoutros habíamos comprometido a Mares de Cedeira a cesión das vitrinas. As vitrinas foron conseguidas da Deputación co fin de albergar os fondos históricos do Concello de Cedeira. No seu día ó final non había tanto material e ahí estaban paradas. Paréceme ben que se cederan. Son de plena confianza para mín os actuais dirixentes. Son xente solvente e non hai problema. Pero o día de mañá eu non sei qué pode pasar con elas. A pregunta é ¿Documentouse esta cesión?

O Sr. Alcalde di: Eu creo que no convenio, non o teño diante, todo o que ten o museo é do Concello de Cedeira.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Si.

O Sr. Alcalde di: Menos as luminarias. Pero si algún día teñen problemas, todo o que son estanterías e iso é do Concello de Cedeira. Preguntamos ó Interventor, que igual estou falando de máis, pero creo que si.

O Sr. Labraña Barrero di: A infraestrutura. Non os materiais expostos.

O Sr. Alcalde di: Os materiais está claro, as doacións da xente son de cada un.

O Sr. Rubido Ramonde di: Falas da infraestrutura, pero ¿está inventariada, non? As vitrinas. Porque foron carísimas, ademáis. Unha subvención da Deputación.

O Sr. Alcalde di: Co tema das vitrinas rogaríalle un pouquiño...

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno, eu lle rogaría que se documentara. Mañá pode chegar un dirixente á asociación distinto e, eu que sei, tíraas nun contenedor.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde continúa: Outra pregunta, na exposición esta do viño que houbo, a nosoutros chegounos ao oído que o Concello había pagado as carpas. Ou hai compromiso de pagalas.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Si, colaboración. A asociación pideunos...A asociación do casco vello era quen organizaba. Eles non sei o trato que fixeron ou non fixeron cos distribuidores. Pedíronnos colaboración en forma diso, de si podíamos poñerlles carpas. E así o fixemos.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu creo que non é correcto haberlle posto carpas a dez negocios, haberlle montado o negocio. Si dixésemos, había, si, dous produtos cedeireses, ben, hai xustificación política. Pero no dos viños, que non son de promoción de aquí, o que se fixo é montar o chinguito a dez negocios. E queríamos saber o importe tamén.

A Sra. Rodríguez Pérez di: O importe do aluguer das carpas, si non recordo mal, foron 1.800 euros. Si non recordo mal. Teríao que mirar.

O Sr. Alcalde di: No seguinte pleno daremos a cifra exacta.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero o tema é, a asociación de comerciantes do Casco Vello de Cedeira non recibe ningunha subvención do Concello. Ningunha, ao contrario que o resto de asociacións.

O Sr. Alcalde di: Non entra en libre concorrència, nin nominativas.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non, porque non é unha asociación cultural. A nós parécenos importante que fagan actividades. É dicir, calquera tipo. Actividades que traian xente, que xeren movemento no pobo. Parécenos ben que as fagan. Pedíronnos a colaboración desa forma e colaboramos. Nada máis.


O Sr. Rubido Ramonde di: Ben, pero está ben que dende o Concello se filtre un pouco o tipo de actividade.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Si, e claro que a filtramos.

O Sr. Rubido Ramonde di: De feito foi un negocio montado por dez persoas de fora. Montáchedes a tenda a ...

O Sr. Alcalde di: Bueno, eu creo que neste caso a asociación de comerciantes e hosteleiros tería moito que dicir. A eles o que lles interesaba era dinamizar a zona, como así foi. Moita da xente que acudeu a tomar os viños foi a comer. E ogallá houbese outras asociacións e isto puidese ser un recorrido moito máis amplo. Porque ao final esa xente queda no pobo, como calquera outra actividade que se faga no verán.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu non estou de acordo. Nun pobo onde hai cen bares, vender o viño non o vemos correcto. Indirectamente subvencionouse a esta xente. Subvencionouse a empresarios con fins lucrativos. Sin embargo cremos que a un evento que houbo, deportivo,



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

creo que non lles axudaron nada. Houbo axuda loxística e de intendencia, pero non houbo unha axuda.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Sempre van para o mesmo. Teñen subvencións.

O Sr. Alcalde di: Imos ver, Sr. Rubido, eu creo que volvemos ao populismo. E neste caso xa é de máis. O clube de natación, que foi o organizador da proba que vostede di, que foi un evento que sí que trouxo a moita xente, teña claro que lles axudamos. Primeiro, axudamos porque lles damos máis diñeiro que lles demos nunca, neste caso o grupo de goberno. Vostede sabe que calquera clube que ten unha subvención nominativa non pode ter outra subvención. E iso se lles dixo. E se lles comunicou. E eu díxenlles aos responsables do clube, facede outra asociación que se chame amigos do triatlón, que vaia a libre concorrencia e que presenten un proxecto, e así hai unha axuda. Pero vostede sabe perfectamente que si teñen unha subvención nominativa, non se lles pode dar outra subvención en diñeiro. Podemos poñer á Policía Local, podemos poñer a Protección Civil... ¿Axudamos? bueno, co tema da policía. ¿Axudamos? Pois axudamos, que ao final unha das probas, que foi a do domingo, se fixo despois de que eles tiveran os problemas, neste caso con tráfico, e a Xunta que lles denegara o permiso, e buscóuselles un recorrido alternativo. Que despois tivemos problemas. Bueno. Pois saíu mal en algunha cousa que se intentará mellorar. E quen saíu perxudicado, pois se lle piden disculpas. Pero nosoutros asumimos a responsabilidade que nos toca. Pero non diga que non lles axudamos. Sábeo perfectamente.


A Sra. Rodríguez Pérez di: Paréceme moi triste que comparen vostedes o que recibe unha asociación, o que recibe outra. Cando ademáis sempre recibe máis a que vostedes defenden a capa e espada. Que me parece moi ben que a defendan. É unha asociación de aquí... Non é unha asociación, perdón, que é un clube privado. Pero bueno. Non me parece normal que para uns todo lles valga e para outros non. Non o entendo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu estou falando dun evento, non dunha asociación.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non está falando dun evento. Está falando de algo máis. E xa faláron máis veces do mesmo tema.

O Sr. Alcalde di: Eu creo, Sr. Rubido, que son as dúas cousas. Unha é que sabe perfectamente, ou, si non se deu conta, agora se lle refrescou, que un clube que ten unha subvención nominativa non pode ter outra. E se lle explicou perfectamente. Co tema do recorrido, xa digo, nós asumimos a nosa parte de responsabilidade, tentando buscar unha solución para que non se suspendese o último día. Para o ano que ven, eu incluso falei co director deportivo, de que incluso facendo este tipo de recorrido, que era mellor facer un recorrido dun itinerario solo, que non fora un circuito pechado para que non se tivera que cortar moito tempo. Pero eu creo que actuamos da mellor forma, e xa lle digo, si algunha cousa saíu mal, como saíu mal que se lle cortou a veciños ou a negocios e houbo queixas, e se piden disculpas e se lles explica.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non é o tema, o recorrido.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: Pero entende vostede que si ten unha subvención nominativa está terminantemente prohibido darlles outro tipo de axuda económica.

A Sra. Couto Lamigueiro di: Pero bueno, cortar non se cortou o paso. Iso é mentira.

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Cómo que non se cortou? O acceso, tanto pola Ribeira, como por aquí pola Vila Vella estivo cortado de unha a catro e pico. Iso é o acceso a vehículos rodados.

A Sra. Couto Lamigueiro di: A vehículos, si. Pero eu refrome a peatóns, que moitos negocios se viron afectados, iso non é verdade.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Nós dicímosche as queixas que recibimos no Concello.

O Sr. Alcalde di: Hai negocios que mo dixeron a min. Non é por citar negocios, pero incluso na Praza Roxa. Non vai a haber ninguén que diga de quen foi a culpa. Aquí asumimos a nosa parte de responsabilidade. Eu estou contestando estes días correos electrónicos, incluso, este sí que o digo, o dono do Faro, nos presentou un escrito por rexisto. Se falou con el e se lle pediron disculpas. A xente de Trasmonte tamén estaba indignada con todo iso.

A Sra. Couto Lamigueiro di: A xente estaba avisada. Había un papel onde se informaba. O señor do Faro, eu non estaba alí, pero sei que lle chocou á ambulancia, que tivo que facer un parte.

O Sr. Alcalde di: Iso non o sei. Eu creo que a contestación da pregunta, que era o tema da axuda, creo que está contestada.

A Sra. Rodríguez Pérez di: O evento é moi importante para o pobo. Iso non o pode discutir nadie e todos colaboramos para que se faga. Agora, que o recorrido eu creo que non foi o mellor...Non era o previsto. ¿E non foi o mellor?

A Sra. Couto Lamigueiro di: Non.

O Sr. Labraña Barrero di: Eu creo que non se mediron ben as consecuencias.


O Sr. Alcalde di: ¿Cal era outra solución? ¿Cancelalo?

O Sr. Labraña Barrero di: O venres houbo que resolver sobra a marcha todo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Foi todo con demasiada presa, o tema do recorrido.

O Sr. Alcalde di: Saíu algunha cousa mal e se pediron disculpas, e nada máis.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero volvo ao mesmo, é que me fastidia que leven vostedes sempre dunha asociación a outra. O clube de natación, igual que outros clubes, igual que o de fútbol, son clubes privados. E o Concello colabora con eles a través dunha subvención. A asociación de comerciantes da Vila Vella, que ademáis xa o nombraron vostedes algunha vez,



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

non recibe ningunha subvención do Concello. Ó mellor habíalles que dar unha subvención tamén.

O Sr. Alcalde di: Temos un exemplo coa moción de urxencia. A moción de urxencia vai porque detectamos que para a banda a axuda que lle íbamos dar, se iba a quedar sen subvención porque xa a tiña nominativa, e era das dúas. E por eso tivemos que facer esta reforma. A eles llo expliquei. Se é un evento que segue tendo tanta xente, que segue funcionando, que fagan unha asociación e ogallá tódalas subvencións deportivas e tamén a través de proxectos de libre concorrència... E que se presenten para elo.

O Sr. Labraña Barrero di: En calquera caso, benvido o evento.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Claro que sí. E como ese evento, eu insisto, todo o que faga calquera clube ou calquera asociación deste pobo eu creo que dende o Concello temos a obriga de apoialos porque todos o que pretenden é ser bos para o pobo, non ao contrario.

O Sr. Casal García di: Ao mellor había que replantexarse si no mes de xullo é unha boa idea iso.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Tamén. Ao mellor hai que mirar outras datas.

A Sra. Couto Lamigueiro di: O que pasa e que a data pona a federación, no caso de Cedeira pediuse para aquí e aprobouse para aquí, e poñen eles a data. Intentarás tí, preguntarás tí si podería ser outro día...

O Sr. Alcalde di: Eu, pensándoo despois, porque de triatlón tampouco é que entenda moito, pero falando co director, con Xan, neste caso, lle planteaba a posibilidade de empezalo nun punto e rematar noutro punto, co cal, como moito, podes cortar media hora cada tramo. Entón, aínda que cortes un día de moita afluencia, cortas media hora. Non é igual que ter un circuito pechado. Iso foi o que se falou. Pero bueno, queda un ano. E tamén, o que apuntou Camilo, acabas de contestarlle, eu tampouco iso o sabía, son cousas que se poden madurar entre todos e falalo para que non houbera as cousas que pasaron este ano. Nada máis.

O Sr. Labraña Barrero di: Incluso a marea restou posibilidade de público. As tres da tarde a maioría estamos comendo.


A Sra. Rodríguez Pérez di: Era moi mala hora.

O Sr. Alcalde di: ¿E que querías participar?

O Sr. Labraña Barrero di: Claro, era a miña intención.

O Sr. Rubido Ramonde di: Sra. Concelleira, ¿o PERI da Xunqueira onde se atopa?

A Sra. Rodríguez Pérez di: O PERI da Xunqueira...



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Estamos preguntando nada máis. Non estou facendo reproches.

A Sra. Rodríguez Pérez di: É que reproches eu considero que neste caso non pode facer.

O Sr. Rubido Ramonde di: E nos anteriores igual.

A Sra. Rodríguez Pérez di: É que simplemente, igual.

O Sr. Alcalde di: Está igual que a última vez que falamos.

A Sra. Rodríguez Pérez di: A última vez que falamos eu non recordo si xa viñeran.

O Sr. Alcalde di: Non, non.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Dende que falamos, polo medio veu a arquitecta e o abogado.

O Sr. Alcalde di: Tivemos unha reunión, bueno, tanto o arquitecto municipal como a arquitecta deles seguían...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non se poñían de acordo.

O Sr. Alcalde di: Non se poñían de acordo en cómo colocar a edificabilidade.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Tiñan un rifi-rafe co tema das aliñeacións.

O Sr. Alcalde di: Bueno, entrou esta semana por rexistro, de outro dos propietarios do PERI, un que ten, creo que poñía o 15 % e máis outra familiar que tiña o 5, entre os dous o 20, que si podían reunirse con nosoutros porque el estaba interesado en desbloquear todo isto... Un señor de Madrid, bueno, el é de Cedeira, natural de Madrid. E nosoutros estamos abertos a iso. Pero nosoutros estamos igual, é dicir, os informes dos técnicos municipais, non volvimos a ter noticias, salvo os carteis. Foi a gran noticia seguinte.


O Sr. Labraña Barrero di: Forman parte da paisaxe.

O Sr. Alcalde di: Cremos que hai formas e formas de actuar e non ter que poñer uns carteis contra o concello ou a corporación, nestes casos. Pero bueno, seguimos abertos, porque o Concello ten que estar aberto sempre a un bo proxecto.

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Cómo se vai escenificar, por dicir palabras sencillas, a súa abstención o día que chegue a modificación puntual?

O Sr. Alcalde di: ¿Cómo se vai?

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Vaise ausentar vostede ou vai a trasladar as potestades da Alcaldía?



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: Home, está delegada a Alcaldía.

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Voto de calidade?

O Sr. Alcalde di: Creo que o Alcalde, ou a persoa que se abstén, neste caso, que dá a Alcaldía a outra persoa, o que ten que facer é desentenderse total do expediente. Non pode condicionar nin para bo ni para malo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Entón, ¿a concelleira estaría investida co voto de calidade?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Teno que dicir a Secretaria.

O Sr. Alcalde di: Teno que dicir a Secretaria e haberá que ver os informes que veñan da Xunta.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pois moi mal pola súa parte, porque este expediente ten historia con vostedes.

O Sr. Rubido Ramonde di: Da posición que habemos de ter faremos declaracións.

O Sr. Alcalde di: Hai informes técnicos e sobre esos informes técnicos votará.

A Sra. Rodríguez Pérez di: E vostedes van a cambiar de postura...

O Sr. Alcalde di: É que tamen nos gustaría saber por qué o cambio de opinión nese expediente.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non o entendo eu tampouco moi ben.

O Sr. Alcalde di: Eso tamén me gustaría preguntarllo agora. Tamén llo pregunto ¿Por qué ese cambio de pensamento no expediente?

O Sr. Casal García di: Iso é un pouco presupoñer que non podemos chegar a acordos en cuestións básicas.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ahí está. ¿Haberá un acordo? ¿Haberá un acordo en pos do interese público e social?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero a ver, unha vez que este expediente inicie todo o seu trámite, e unha vez teñamos nós o que nos chegue da Xunta e demais informes, podemos reunirnos e falar. ¿Ou non?

O Sr. Rubido Ramonde di: Vale, vale. Por suposto. Non estou dicindo o contrario.

O Sr. Labraña Barrero di: Parecía que estabas anticipando dificultades para chegado o momento. Porque estás preparando unha estratexia tal.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Esa é unha sensación.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero que é un tema importante, bastante importante, unha modificación deste tipo para que a vexamos entre todos.

O Sr. Alcalde di: Hai unha cousa fundamental, que son os informes dos técnicos. Iso é primordial.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Evidentemente.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e unha horas e dez minutos do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE



A SECRETARIA

